



Concello de Xinzo de Limia

BANDO

NOVAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN PARA FACER FRONTE A CRISE SANITARIA

Por medio da presente, infórmase aos veciños e veciñas das medidas máis salientables de aplicación ao Concello de Xinzo entre as recollidas no Decreto 179/2020 de 4 de novembro e Orde da Consellería de Sanidade de 4 de novembro 2020.

Medidas aplicables a partir das 00.00 h do 7 de novembro de 2020:

1º- Queda **restrinxida a entrada e saída de persoas do ámbito territorial do Concello de Xinzo de Limia**, excepto nos seguintes supostos: asistencia a centros sanitarios; cumprimento de obrigas laborais, profesionais; asistencia a centros docentes, educativos, universitarios, retorno ó lugar de residencia habitual ou familiar, asistencia e coidado incluído acompañamento a maiores, menores, dependentes, desprazamento a entidades financeiras e de seguros ou estacións de servizo, en territorios limítrofes; actuacións ante órganos públicos, xudiciais ou notariais; renovación de documentación oficial así como trámites administrativos inaplazables; realización de exames, causa de forza maior ou situación de necesidade e calquera outra actividade de natureza análoga debidamente acreditada.

2º- A **permanencia de grupos de persoas** quedará limitada tanto en espazos de uso público como privados, agás que se trate de persoas conviventes, sen embargo, dita limitación non impedirá a reunión con persoas non conviventes que se produzan por motivos de asistencia e coidado, incluído o acompañamento a maiores, menores, dependentes ou persoas con discapacidade ou por causa de forza maior. Dita limitación tampouco será de aplicación nas actividades laborais, empresariais, profesionais, educativas, de formación e ocupacionais, así como no acaso de práctica de deporte federado, ou aquelas outras que teñan restriccións específicas, etc sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento.

3º- **PECHE TEMPORAL** das actividades recollidas no Anexo III, da Orde 4 de novembro de 2020 da Consellería de Sanidade, salientando:

a. As actividades de **bares, cafeterías e restauración**, sen embargo, poderán prestar servizos de entrega a domicilio ou para a súa recollida no local e consumo a domicilio, nas condicións previstas na orde.

b. Os **casinos e establecementos de xogo**.

c. **Centros de lecer infantil**.

d. **Establecementos de ocio de entretemento: pubs, discotecas, entre outros**.

4º. A permanencia en **lugares de culto** non poderá superar o 50% da súa capacidade e en todo caso o límite máximo de 25 persoas.

5º. En relación aos **velorios**, tanto públicos como privados, terá un límite máximo en cada momento de 25 persoas en espazos o aire libre e de 10 persoas en espazos pechados, sexan ou non conviventes. A participación na comitiva para o enterro ou despedida para a cremación restríxese a un máximo de 25 persoas entre familiares e achegados, sexan ou non conviventes, ademáis do ministro do culto.

6º. A **actividade física e deportiva non federada, ao aire libre** poderá realizarse de forma individual e no caso de que sexa de forma colectiva poderá realizarse unicamente entre conviventes (salvo o monitor) e sen contacto físico. A **actividade física en instalacións e centros deportivos** poderase realizar de forma individual sen contar ao monitor e sen contacto físico sempre que non se supere o 50% da capacidade máxima permitida, nos termos da orde.

Concello de Xinzo de Limia

C/ Curros Enriquez, 15, Xinzo de Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112



Cod. Validación: 3XW05CWCSYL497E6EXXGMILDE | Corrección: https://xinzo.delimia.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Xinzo de Limia

7°. Con carácter xeral calquer **establecemento comercial**, excepto os que teñan unhas condicións de específicas de capacidade, non poderán superar o 50% do seu aforo e en calquera caso un máximo de 30 persoas no local pechado. **Esta limitación de carácter xeral non será de aplicación nos establecementos comerciais de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, farmacias, servizos médicos e sanitarios, ópticas, salóns de peiteado, prensa e papelería, gasolineras, equipamentos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio pola internet e telefónico, tinturarías e lavandarías, etc**, sen prexuízo da necesidade de cumprir as obrigas xerais previstas nesta orde e medidas de hixiene e protección.

8°. Poderán permanecer abertos, cun límite do 50% e segundo as restriccións previstas na normativa, os seguintes establecementos: **academias, autoescolas e centros privados de ensino**.

Ademáis, recórdase os veciños e veciñas que por decreto de Alcaldía están suspendidas as feiras e os eventos culturais e deportivos organizados polo Concello ata nova orde.

A ALCALDESA

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Xinzo de Limia

C/ Curros Enriquez, 15, Xinzo de Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112



Cod. Validación: 3XW05CWCSYL497E6EXXGMLDE | Corrección: <https://xinzo.delimia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2